

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS TRABALLOS DE FIN DE MÁSTER (TFM) MÁSTER EN ENXEÑARÍA DE MONTES

APROBADO POLA COMISIÓN DE TÍTULO

A avaliación desenvolverase a partir do seguimento por parte do titor e da comisión de título, considerando o informe do primeiro. A avaliación do TFM corresponderá a un tribunal de 3 membros, e referirase tanto ao documento escrito como ao acto de defensa pública.

Valoraranse de forma diferenciada estes catro aspectos:

1. Calidade do documento presentado. Ata 4 pts

Unha mala calidade do documento ou a existencia de eivas relevantes no mesmo suporá que non se pode aprobar, polo que non poderá ser compensable polos aspectos que se listan nos apartados 2, 3 e 4. O documento presentado deberá de presentar unha estrutura que se adapte ao tipo de TFM presentado, admitíndose formatos de proxecto de enxeñaría (PE), estudo técnico (ET) ou estudo de investigación (I).

- Resumos, índice, paxinación e referencias bibliográficas
Para tódolos tipos de TFM presentados, inclúese índice de contidos. O documento está paxinado axeitadamente para o acceso á información. Existe un apartado de Bibliografía onde se listan as referencias citadas no texto, de acordo con un procedemento de citación homoxéneo. A bibliografía inclúese como apartado individual ou como Anexo á Memoria no caso de Proxectos de Enxeñaría.
- Estrutura e contidos: valorarase a calidade no marco da tipoloxía de TFM considerada. En particular no caso dos PE a actuación abordada debe quedar ben definida, adecuándose á proposta presentada. Especificaranse claramente os obxectivos, condicionantes a considerar, as alternativas consideradas, solucións adoptadas, métodos de cálculo empregados e resultados obtidos. A información incluída na Memoria, pregos de condicións e presuposto é suficientemente sintética, evitando documentos excesivamente longos. No caso de I e de ET debe exporse claramente a metodoloxía empregada e as hipóteses consideradas. A información debe estar correctamente estruturada, incluíndose tódolos documentos propios da tipoloxía de traballo a abordar, para o que deberá atenderse á normativa sectorial forestal que no seu caso o condicione. Os cálculos incluídos deben ser correctos. No caso de ET e I as conclusións deben ser acordes cos resultados obtidos no traballo.
- Anexos (no caso dos PE): o documento prevé os anexos suficientes para detallar os cálculos, descripcións técnicas e información adicional que concreten as actuacións propostas ou o proxecto a executar. Non se inclúe información redundante nin anexos prescindibles.

2. Calidade da exposición do TFG, que será oral e pública. Ata 2 pts

- Documentación escrita na presentación. A presentación sintetiza a estrutura e contidos do traballo, presentando os elementos máis destacables do mesmo. A presentación é clara e supón un reforzo para a presentación oral. Os gráficos, fotos e texto son visibles.

- Presentación oral: respéctase o tempo asignado para a presentación (que se publicará na convocatoria de defensa), sintetizando os contidos do TFM. A exposición é clara, con ritmo axeitado, concluíndo correctamente segundo a tipoloxía do TFM. O alumno non se limita a ler o texto da diapositiva, senón que comunica os contidos de forma eficaz.

3. Defensa do TFM, que será oral e pública. Ata 2,5 ptos

A defensa do TFM, xunto co informe do titor, aportará a información esencial para valorar que o TFM corresponde a un traballo orixinal abordado polo alumno, o que se considera imprescindible para ser avaliado positivamente.

- O alumno demostra coñecemento sobre a temática do traballo, respostando axeitadamente ás preguntas formuladas. O alumno é capaz de dar información de cómo abordou as distintas actuacións que deron lugar á consecución do TFM. O alumno posúe un coñecemento global da temática abordada que lle permite vincular as solucións adoptadas con outras posibles alternativas para satisfacer as necesidades consideradas.

4. Outros aspectos do proxecto: ata 1,5 puntos.

- Relacionadas coa redacción: O alumno emprega adecuadamente a gramática, ortografía e a puntuación. Usa adecuadamente a linguaxe, e a estrutura de oracións e parágrafos para a transmisión das ideas de forma que melloran a facilidade de lectura. Non se detectan cambios de estilo para os mesmos elementos de texto en canto a fonte, paxinación e maquetación. O alumno emprega un vocabulario axeitado e profesional, preciso. A forma de expresarse ten concreción, evitando rodeos innecesarios. A linguaxe é formal e axeitada ao contexto académico e profesional.
- Relacionadas coa adquisición das competencias do título: O traballo, exposición e defensa demostran que o alumno adquiriu varias das competencias xerais, transversais e específicas referidas na memoria verificada do título. Considerarase especialmente que o TFM debe ser un traballo integral de natureza profesional no que se sintetizen as competencias adquiridas nas ensinanzas.
- Relacionadas coa información proporcionada polo titor: Resulta imprescindible que o titor informase favorablemente tanto en aspectos relativos ós contidos incluídos no traballo como en aspectos relativos ao traballo desenrolado polo alumno, titorización, intensidade do traballo realizado, capacidade de xerar alternativas e outros aspectos.